

Glosario. Immanuel Kant

A priori: anterior á experiencia

A posteriori: Despois da experiencia

Coñecemento a priori: Coñecemento obtido sen necesidade de experiencia.

Coñecemento a posteriori: Coñecemento obtido a través da experiencia.

Razón (Vernunft): Se ocupa do coñecemento a priori. Busca a totalidade e a universalidade.

- Pura: Facultade que busca coñecer a realidade.
- Práctica: Facultade racional que dirixe a acción humana.

Entendemento (Verstand): Se ocupa do coñecemento a posteriori. É dicir é a facultade de pensar dentro da experiencia. Se encarga de construír conceptos e xulgar. É discursivo, traballa con conceptos que aplica aos datos da experiencia.

Intuición: É a captación inmediata dos obxectos. A posúen todos los seres vivos.

- Intuición *empírica*: Intuición referida a obxectos. Modo de percibir inmediatamente os obxectos, sen ningún tipo de xuízo ou pensamento.
- Intuición *pura*: Se atopan no individuo (suxeito). Organizan as percepcións baixo relacións a priori dando lugar ao *fenómeno*. Son o espazo e o tempo.

Concepto: É un nivel superior. Son representacións mentais abstractas que poden ser descritas con palabras (por eso animais e bebés todavía non os posúen). Os conceptos requiren unha aprendizaxe.

Postulado: Termos que non son evidentes en sí mesmos pero que son, pero que se admiten como punto de partida dunha demostración.

Pensar = / = coñecer

- *Pensar* = Usar un concepto
- *Coñecer* = Intuición sensible (percepción sensorial) + concepto

Fenómeno: É o obxecto da intuición empírica. Consta de:

- **Materia:** Nos é dada polas sensacións que o obxecto produce en nós. É polo tanto un elemento a posteriori e se basa nas intuicións empíricas. basa en las intuiciones empíricas.
- **Forma:** Esta ven do suxeito que ordena os datos sensoriais mediante diferentes relacións. Se basa nas intuicións puras.

Noúmeno: Tamén chamado "cousa en sí" é como é obxecto en realidade e non como o percibimos.

Trascendental: Algo que permite o coñecemento.

idealismo trascendental: Afirma que todo obxecto está de coñecemento está determinado polas *condicións trascendentais* (espacio, tempo e categorías).

Sensación: É pura modificación que o suxeito recibe (pasivamente) por mor do obxecto (por exemplo, si nos achegamos a un radiador sentiremos calor).

Representacións: Contido sensorial percibido polos sentidos dos obxectos.

Sensibilidade: É a capacidade ou facultade que temos de recibir as sensacións, e mediante a cal cual somos susceptibles de ser modificados po los obxectos.

Xuízo: Unha afirmación que une dous conceptos: un que actúa de suxeito e outro de predicado = "O lume é quente"

Ética: Rama da filosofía que estuda a moral. É teórica.

Moral: É a parte práctica. As accións poden ser morais ou non.

Ley moral: É un principio racional que guía acción humana froito da razón práctica.

Ética material: Posúe contido empírico (que debo facer para conseguir X)


- Fins (chegar a ser feliz, ir ao ceo)
- Bens a conseguir: felicidade, pracer, utilidade...
- Mandatos: normas.
- Heterónomas: As leis veñen de fóra do individuo
- Hipotéticas: As normas non se cumpren porque sean boas en sí mesmas, senón como medios para obter un fin.
- Non son universais (para Kant)
- Teleolóxicas: Buscan un fin (*telos*)

Ética formal:

- Non posúe contido empírico.
- Universais.
- Autónomas: O individuo se da a sí mesmo a súa lei moral.
- Categóricas: As normas se cumpren por que son boas en sí mesmas.
- *Deontolóxicas:* Se centran na idea de *deber*.

Imperativo: Fórmula de expresar un mandato

- **Imperativos Hipotéticos:** propios das *éticas materiais* xa que son mandatos que se realizan **para conseguir algún fin** polo que non poden ser universais xa que o fin provén da experiencia.
- **Imperativos categóricos :** aqueles que **mandan unha acción como boa en si mesma sen necesidade de referila a ningún fin.** Son os característicos da ética formal e son os únicos imperativos da moralidade para Kant.



Esquema extraído da obra *Fundamentación para unha metafísica das costumes*